



Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela Galiza  
Tf. 0034981555850  
internacional@bng.gal  
<http://bng.gal/>

Na madrugada do pasado 4 de novembro o Goberno turco levou a cabo a detención de 12 deputad@s do HDP, entre eles os co-presidentes da formación Selahattin Demirtas e Figen Yürsekdag, acusados de participar en actividades de propaganda do terrorismo.

O Partido Democrático dos Pobos, é a terceira forza do Parlamento e principal formación Kurda, conta con 59 deputad@s dun total de 550.

É evidente a intención de terminar co HDP, sen acudir formalmente á súa ilegalización. Desde a súa chegada democrática ao Parlamento en xuño de 2015, Erdogan e o seu réxime, realizaron todo tipo de acusacións e ataques contra o HDP. Estas detencións prodúcense nun contexto de estado de excepción e de purgas xeralizadas, e despois de que o parlamento eliminara en xullo de 2015 a inmunidade parlamentaria 54 dos seus 59 deputad@s para así poder actual contra eles.

Estas detencións súmanse aos 181 alcaldes e concelleir@s kurdos e máis de 300 dirixentes de formacións kurdas encarcerad@s, á intervención de alcaldías e ao peche masivo de medios de comunicación kurdos.

Estamos diante dunha operación política que pretende eliminar as voces da oposición kurda da vida pública e deixar ao pobo kurdo sen os seus lexítimos representantes.

O Bloque Nacionalista Galego condena este novo golpe do réxime de Erdogan contra o pobo kurdo, mostra a súa solidariedade e apoio ao HDP e esixe ao Goberno turco que proceda á inmediata posta en liberdade d@s seus representantes detidos e cese na represión e persecución do pobo Kurdo e d@s seus representantes.

Así mesmo demandamos do Goberno español e da Unión Europea que respondan á petición que o HDP fai “á comunidade internacional para que reaccione contra o golpe de Estado lanzado polo réxime de Erdogan”, condenen esta actuación e esixan ao Goberno turco que remate con estas persecucións e encarceramentos e proceda á inmediata posta en liberdade d@s deputad@s detid@s e do resto de representantes.

Santiago de Compostela, 9 de novembro 2016

Montse Prado Cores  
Área de Relacións Internacionais. Executiva Nacional do Bloque Nacionalista Galego



Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela Galiza  
Tf. 0034981555850  
internacional@bng.gal  
<http://bng.gal/>

In the early morning of 4 November, the Turkish government arrested 12 elected MPs of the Peoples' Democratic Party (HDP), including its co-chairs Selahattin Demirtaş and Figen Yüksekdağ, accused of taking part in terrorist propaganda activities.

The Peoples' Democratic Party is the third largest parliamentary group and the main party in Kurdistan with 59 out of the 550 seat in the National Assembly.

This is clearly designed to eradicate the HDP without actually banning it by law. Ever since it secured seats in the Turkish Parliament in June 2015, Erdoğan and his regime have launched a wave of accusations and attacks against the HDP. These arrests have taken place within the broader context of the state of emergency and widespread purges and after the Assembly lifted the Parliamentary immunity of 54 of the HDP's 59 MPs in July 2015 in order to be able to take action against them.

These new arrests add to the list of 181 Kurdish mayors and councillors and the more than 300 Kurdish political leaders currently imprisoned, in addition to the raids on local council buildings and the massive shut-down of Kurdish media.

What we are witnessing is a political operation designed to eliminate the voices of the Kurdish opposition from the public sphere and to deprive the Kurdish people of its legitimate representatives.

The Galician Nationalist Bloc (BNG) condemns this new blow dealt by the Erdoğan regime to the Kurdish people and expresses its solidarity and support for the HDP, demanding the immediate release of its representatives and the end to the Turkish government's repression and persecution of the Kurdish people and its representatives.

We also demand that the Spanish Government and the European Union join the Call to the International Community launched by the HDP "to take a firmer stance against President Erdoğan and the AKP government", condemning these acts and demanding that the Turkish Government puts an end to its policy of persecution and internment, with the immediate release of all of the MPs and other representatives currently held in gaol.

Santiago de Compostela, 9<sup>th</sup> November 2016

Montse Prado Cores  
International Relations. National Executive BNG